

Bo día, queridas familias.

Esta semana queremos propoñervos unha serie de actividades relacionadas coa época na que estamos. Xa que imos comezar un novo mes, que mellor que seguir traballando a primavera, as flores e os maios. Por iso, dende o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística queremos propoñervos recuperar un día tan divertido como é a celebración da festa dos Maios. A actividade consiste en que elaboredes un maio mediante as técnicas e os materiais dos que dispoñades, para o primeiro domingo de maio, **día 3**, colocalos nunha ventá ou balcón das vosas vivendas, mantendo así unha tradición que celebramos no colexio dende fai moitos anos e que tamén permite pasar tempo en familia realizando actividades manuais.

Como xa sabedes, a festa consiste en realizar diversas representacións arredor dunha árbore ou escultura, chamada maio, a partires de elementos vexetais, flores e froitas. Tradicionalmente, tamén se levaban polas rúas e se lle dedicaban bailes e cantigas. Para adaptalo á situación actual, podedes realizalo mediante debuxos, teas que teñades por casa, materiais de refugallo, pintando nas ventas... Calquera idea é boa, botádelle imaxinación!

Aquí tedes un tutorial de como facer flores de papel, pero podedes facer todo o que se vos ocurra!

<https://www.youtube.com/watch?v=A9EKcBoLlfQ>

Unha vez finalizado o voso maio, mandade unha foto del a cada titora pola canle na que os comunicades con ela Animádevos a participar neste reto e a compartilo cos vosos amigos. A finalidade é chegar ao maior número de fogares, baixo o lema:



## Ferrol, de froes cuberto.

Ademais, as maestras do ciclo propoñémosvos outras actividades relacionadas cos maios:

- Despois de facer o teu maio, mírao ben, ¿qué elementos lle puxeches? ¿Lle puxeches algunha flor? ¿Cantas? ¿E de que cor son? ¿Son grandes ou pequenas? ¿Que máis ten o teu maio? ¡Seguro que quedou moi bonito!
- Mirade estes contos, ¿gustáronvos?

“La pequeña oruga glotona” <https://www.youtube.com/watch?v=TrQoktGVgbs>

“Desayuno de primavera” <https://www.youtube.com/watch?v=gAc-BvadoLQ>

“La mariquita” <https://www.youtube.com/watch?v=LoL4qFHF8JY>

- Lede esta pequena poesía de Gabriela Mistral e facede un debuxo da primavera.

Doña Primavera  
viste que es primor,  
viste en limonero  
y en naranjo en flor.  
Lleva por sandalias  
unas anchas hojas,  
y por caravanas  
unas fucsias rojas.  
Salid a encontrarla  
por esos caminos  
¡Va loca de soles  
y loca de trinos!

- Podedes facer tamén algunha manualidade para celebrar que estamos en primavera, como unha coroa de flores, bolboretas coas mans, flores en diferentes técnicas...

<https://www.bebesymas.com/manualidades-y-disfraces/27-manualidades-primavera-bonitas-faciles-para-hacer-ninos>

- Iremos facer a nosa **Pirámide das flores**. Para iso, nas seguintes páxinas tedes unha pirámide e as plantillas de diferentes flores para que pintedes e as peguedes no triángulo. Combinádeas como queirades! Incluso podedes aproveitar cando saíades a dar un paseo, coller flores e follas, pero xa sabedes que non se arrincan, só podemos coller as que están no chan!



